Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Informe da Directora
Xunta de Escola, 22 de outubro de 2025

1 Actividades de representación

- 5 de setembro. Asistencia da directora, en representación do centro, ao acto de inauguración da exposición conmemorativa dos 100 años da Cámara Oficial de Minaría de Galicia ("Tesouros da Terra"), que estivo na rúa Príncipe do 5 ao 15 de setembro.
- 3 de outubro. Asistencia da directora, en representación do centro, ao acto de presentación do programa INSPIRA STEAM, edición do curso 2025/2026.

2 Reunións de traballo

- 10 de xullo. Reunión de directores/as das escolas de enxeñaría do Campus de Vigo para a organización do curso de formación de profesorado en IA.
- 1 e 14 de outubro. Asistencia de Raquel Pérez e a directora ás reunións convocadas pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para tratar sobre a organización das visitas a través do SIE.
- 10 de outubro. Asistencia de Francisco Deive á reunión convocada polo director de Área de Promoción da Internacionalización da UVigo.
- 15 de outubro. Reunión da directora coas persoas organizadoras do Foro Tecnolóxico de Emprego 2026.
- 9 de setembro. Reunión da coordinadora de PAT-ANEAE, coordinador de calidade, persoas coordinadoras de curso e titores/as do PAT, para presentar os novos espazos de información e coordinación en Moovi: EME-INFO e EME-PROF.
- 24 de setembro. Asistencia do coordinador de calidade á reunión convocada pola Área de Calidade, para revisar o procedemento de cálculo de indicadores de profesorado.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Divulgación científica e captación de alumnado

3.1 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
16/09/2025	IES de Mos (Mos)	4º ESO	60	Benito Vázquez	Física Re-Creativa

22/09/2025	IES de Poio (Poio)	4º ESO e 1º Bach	50	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/10/2025	IES de Allariz (Allariz)	2º Bach	25	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
20/10/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	31	Benito Vázquez	Física Re-Creativa

3.2 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
03/10/2025	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	1º e 2º Bach	27	Laura Andrés Raquel Pérez	No centro
17/10/2025	IES de Allariz (Allariz)	1º ESO	66	Raquel Pérez	No centro
22/10/2025	CPR Andersen (Vigo)	1º ESO	29	Laura Andrés	Na EEME

3.3 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Actividade	PDI e estudantado participante
08/10/2025	EDUGAL (Pontevedra)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Raquel Pérez Pablo Alonso Alejandro Loroño Brian Torres
09/10/2025	EDUGAL (Pontevedra)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Laura Andrés Pablo López Raquel Pérez Isaías Maytin
10/10/2025	EDUGAL (Pontevedra)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Javier López Ignacio Pérez

3.4 Outras actividades

Data	Lugar	Destinatarios	Actividade	PDI e alumnado participante	Actividades / Obradoiros
26/09/2025	Edificio Redeiras (Vigo)	Público en xeral	GNIGHT – Expo-Feira	Iria Feijoó Carmen Martínez Silvia Gómez.	Materiais: ciencia ficción ou realidade?

3.5 Programa STEMBach

A profesora Teresa Rivas está a titorizar un proxecto STEMBach co alumnado do IES Valadares que leva por título *"Placeres sedimentarios: tesouros nas Rías Baixas."* O día 11 de outubro o alumnado do IES realizaron a saída de campo para recoller mostras nas praias a analizar: Montalvo e Mourisca.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

3.6 Proxecto FECYT

Presentouse a solicitude "A Caixa Sostible" á convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica 2025 da FECYT como proxecto recorrente. O equipo está formado por Iago Pozo (Coordinador), B. Vázquez, E. Alonso, M. Araújo, F. Deive, D. Patiño, R. Pérez, T. Rivas, M. Cordeiro, L. Andrés, M. Pazo, P. Eguía e P. González.

Agradécese a Iago Pozo o labor de coordinación para a presentación do proxecto.

Agradécese a todas as persoas que participan nas actividades de divulgación científica e a Raquel Pérez o labor de organización e coordinación.

4 Igualdade

O 26 de setembro celebrouse a "III Xornada da Muller na enxeñaría de minas, materiais e enerxía". Trátase da III edición das xornadas (as anteriores tiveron lugar en 2019 e 2022) e recibiu o apoio económico da Unidade de Igualdade no marco da convocatoria de axudas para a organización de actividades de sensibilización que promovan a perspectiva de xénero na Uvigo. Agradécese ás persoas participantes na actividade, ás asistentes e a Generosa Fernández e María Pazo o traballo realizado na organización da actividade.

As conferencias foron impartidas por:

- Elena Alonso Prieto, Directora da EEME: "*A situación actual da muller nos ámbitos de enxeñaría*".
- Cecilia Trancón Loureiro, presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia e directora xeral de Caolines de Vimianzo (CAVISA): "*Situación profesional da minaría en Galicia. Transición enerxética e materias primas*".
- Nuria Antonio Fontán, responsable de Calidade, Prevención e Medio ambiente na Fundación Centro Tecnolóxico do Granito: "*Da extracción á elaboración: calidade, prevención e medio ambiente na industria do granito*".
- Uxía Alonso Sanmartín, Galaicontrol: "*A minaría da lousa: do deseño á explotación*".
- Mª José Herrero Vegas, *Construction Manager:* "*Desempeño profesional en proxectos nacionais e internacionais, análises con perspectiva de xénero*".
- Nuria Mouronte Baltar, *Zabala Innovation Consulting:* "*Perspectivas da profesión desde as novas titulacións: da universidade á empresa*".
- Eva Méndez Araújo, Instituto Tecnolóxico de Galicia: "*A experiencia persoal no desenvolvemento profesional*".

5 Relacións internacionais

Infórmase das actividades realizadas por Francisco Deive en calidade de Coordinador de RRII da Escola:

- 8 de setembro: Incorpórase ao centro como estudantado de mobilidade entrante:
    - Djabanou Djingui Bobbo, estudante de grado da ESAIP École d'ingénieurs (París, Francia)

- Lyoubovin Carjini Deloris, estudante de grado da ESAIP École d'ingénieurs (París, Francia)
- Jana Sonnenberger, estudante de grado da Jade Hochschule (Wilhelmshaven, Alemania)
- María José Morales Galleguillos, estudante de máster da Universidad Católica del Norte (Chile).

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado en calidade de responsable de RRII do centro.

6 Desenvolvemento titulacións

6.1 Matrícula de novo ingreso

A directora sinala que se acada o 100% de captación de alumnado nos dous graos do centro e felicita ás persoas que participan nas actividades de captación e promoción das titulacións; de forma específica nomea ás persoas coordinadoras de estas actividades nos últimos anos: Iago Pozo e a coordinadora actual, Raquel Pérez.

	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24	24/25	25/26
Grao EE	31	42	45	47	47	57	51
Grao ERME	8	6	15	11	8	23	34
Total graos	39	48	60	58	55	80	85
MUEM					7	12	4
MUXSA					3	5	5

6.2 Defensa de TFG e TFM da convocatoria ordinaria

Tivo lugar a defensa de TFGs e TFMs correspondente ás convocatorias de fin de carreira:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 3 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 1 estudantes
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: 1 estudante.

6.3 Modificación da PDA dos graos do centro

Debido a excepcional número de matrícula en primeiro curso, valorouse necesario solicitar un grupo adicional de docencia tipo B en varias materias. A solicitude foi avalada pola Comisión Permanente da Escola e recibiu informe favorable por parte da COAP. Á data actual os departamentos responsables xa teñen asignado profesorado.

- Grupo B5 en primeiro nas materias Química (10h), Física I (10 h) e Expresión gráfica (20 h). O horario destes grupos foi aprobado na Comisión Permanente do día 10/09/2025 e figura no documento adxunto correspondente.
- Grupo B4 en segundo na materia Tecnoloxía de Materiais (14 h). O horario deste grupo foi aprobado na Comisión Permanente do día 01/10/2025 e figura no documento adxunto correspondente.

Agradécese ás direccións dos departamentos a rápida resposta para tratar de asignar profesorado á maior brevidade (departamentos de "*Enxeñaría Química*", "*Enxeñaría dos Materiais,*

Mecánica Aplicada e Construción", "*Deseño na Enxeñaría*" e "*Física Aplicada*"), ao profesorado coordinador das materias e a Iria Feijoó como subdirectora de planificación e organización académica do centro, quen coordinou todo o proceso.

6.4 Proxectos de innovación docente da Escola

6.4.1 Convocatoria 2025

Presentáronse dúas solicitudes á convocatoria de axudas a proxectos de innovación docente en Facultades e Escolas da UVIGO 2025 e concedéronse os seguintes:

- Liña: virtualización. Proxecto de adaptación ao Metaverso da explotación e planta de tratamento dunha mina de obtención de árido e de minerais densos. Coordinadora: Teresa Rivas. Equipo: Iago Pozo, María Araújo, Leandro Alejano, Elena Alonso, María Pazo, Natalia Caprrino, Bienvenido Díez, Ignacio Pérez-Rey e Raquel Pérez. Agradécese a Juan Ricoy e María Modino a súa implicación, interese e participación activa neste proxecto. Axuda concedida: 10.000 €.
- Liña: metodoloxías docentes ABP e Aprendizaxe-Servizo. Coordinadora: Raquel Pérez. Equipo: Moisés Cordeiro, Javier López, Iván Puente, Héctor Santórum e Andrés Suárez. Axuda concedida: 2.445 €.

6.4.2 Convocatoria 2024

Do proxecto de virtualización do obradoiro de minerais, proxecto de innovación docente con financiación na convocatoria do 2024, preséntase o póster *"Do laboratorio ao metaverso: vantaxes da adaptación virtual dun obradoiro de identificación de minerais"* á III Xornada Galega de Innovación Docente; autores: María Pazo, Raquel Pérez-Orozco, Pablo Alonso, Teresa Rivas.

6.5 Actividades específicas estudantado primeiro curso

O 2 de outubro realizouse a saída as Termas de Outariz (Ourense) co estudantado de 1º curso; participaron 62 estudantes acompañados por Mª Salomé Álvarez e Francisco J. Deive como unha actividade da materia "Química".

6.6 Formación para o emprego da IA na docencia

Celebrouse o Curso de formación para docentes "***Emprego da IA na docencia"*** en xullo. Participaron un total de 24 profesores/as da Escola.

No mes de setembro, impartíronse dous cursos de formación en IA para o estudantado das materias que participan no proxecto piloto do emprego da IA na docencia.

7 Plan de Acción Titorial

7.1 Orientación académica e profesional

- 7 de xuño de 2025. Sesión informativa ao alumnado de 2º e 3º do grao IRME para informar sobre as tres especialidades do grao. Interviñeron María Pazo (Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos), María Araújo (Explotación de Minas) e Iria Feijoó (Enxeñaría de Materiais). Actividade organizada por Iria Feijoó, como coordinadora da titulación.
- 16 de xullo de 2025. Sesión informativa ao estudantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM. Actividade organizada por Elena Alonso, como coordinadora da titulación.

- 4 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso dos graos do centro. Participaron o equipo directivo, o Enlace de Igualdade, a Coordinadora de Primeiro Curso, a Coordinadora do PAT-ANEAE, Carmen Romo e Delegación de Alumnado.
- 8 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso no MUXSA. Participou María Araújo.
- 24 de setembro. Sesión informativa impartida por persoal da Biblioteca para estudantado de novo ingreso. Actividade organizada por Iria Feijoó e Francisco Deive.

Agradécese ás persoas que participaron nestas actividades e a Ana Rodríguez o labor de coordinación.

8 Cooperación ao desenvolvemento

A solicitude de creación do grupo de investigación SOSTerra, formado por Elena Alonso (coordinadora), Santiago Pozo, Teresa Rivas, María Araújo, Gonzalo Méndez e Francisco Deive, é unha proposta de proxecto de cooperación para desenvolver unha actuación con persoal da ESPOCH (Ecuador) que foi presentada na convocatoria da "ORDE do 15 de maio de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025". A proposta acadou a puntuación mínima requirida pero non foi concedida por falta de orzamento. A directora sinala que se seguirá traballando para poder activar na Escola un grupo de cooperación ao desenvolvemento.

9 Sistema Garantía Calidade

9.1 Espazos INFO e COOR do curso 2025/2026 en MOOVI

- Habilitáronse os espazos de coordinación horizontal e vertical de profesorado (EME-PROF) e o espazo de comunicación co estudantado (EME-INFO) en MOOVI; este último modificou a estrutura do curso anterior para integralo todo nun único espazo.
- Habilitouse por primeira vez o espazo EME-GRUPOS para a xestión dos grupos de prácticas e atópase en fase de probas e configuración.
- Actualizouse a información relativa a "*Preguntas Frecuentes*" para estudantado de grao e máster. Está dispoñible no espazo INFO en MOOVI.

9.2 Comisión de Calidade da Escola

Na sesión do 20 de outubro da Comisión de Calidade aprobáronse os seguintes rexistros do SGIC que non requiren a súa aprobación na xunta de centro:

- R1 MC-05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2024/2025)
- R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE (curso 2024/2025)
- R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2024/2025)
- R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións do centros (curso 2024/2025)
- R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2024/2025)

- R1 DO-0204 Listaxe das entidades para prácticas externas (GEE, GERME, MUXSA e MUEM)
- R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio selecionado
- R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.

9.3 Enquisas Avaliación Docente 2024/2025

Desde o 6 outubro están dispoñibles resultados provisionais EAD curso 2024/2025 e aberto o prazo de reclamación ata o día 7 de novembro. Semella que a participación foi moi baixa, polo que sinala que se tomará algunha medida específica desde o centro para incrementar a participación das actividades.

9.4 Acreditación institucional

Programada a vista da Comisión de Avaliación, de forma presencial, o 13 de novembro de 2025.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e as persoas que participaron en diferentes actividades do SGIC.

10 Recursos materiais e infraestruturas

10.1 Axudas solicitadas para financiar actividades da Escola:

- Convocatoria de axudas para organizar as actividades extra académicas e de difusión cultural na Universidade de Vigo 2025: 1.859 € concedidos.
- Consello Social (axuda para a realización Xornada XEOTERMIA): concedidos 1.550 € ACLUXEGA.
- Convocatoria proxectos piloto de innovación docente en facultades e escolas da UVigo 2025: 12.445 €.

10.2 Outros recursos, acondicionamentos e obras

- Setembro. Finalizouse a obra de acondicionamento na zona de acceso ao vestíbulo da planta 0.
- 12 de outubro. Fixéronse as selaxes dos puntos de posible entrada de auga na cuberta da zona de despachos. Levouse a cabo unha proba de estanquidade na cuberta, comprobando a ausencia de entrada de auga.
- 16 de outubro. Incorporouse á Escola a nova bolseira informática Patricia Carracelas Lamela, que realizará as súas funcións durante todo ou curso 2025/2026.
- 14 de outubro. Solicitouse ao profesorado información para actualizar/completar a información dispoñible na web. A directora sinala que sería desexable que figure na web un pequeno currículo e unha foto de cada docente.
- Recibiuse orzamento do centro para o 2026: orzamento total do centro 97.100 €, similar ao do ano 2025 (97.300 €).

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como responsable de AAEE e infraestruturas da Escola.

11 Prensa

- DUVI. Minas e Enerxía impulsa un novo proxecto de cooperación internacional cos campamentos de refuxiados saharauís.

  https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/minas-enerxia-impulsa-novo-proxecto-cooperacion-internacional-cos-campamentos-refuxiados-saharauis

- DUVI. Enxeñaría de Minas e Enerxía pon en valor a actividade profesional das mulleres deste sector.

  https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/enxenaria-minas-enerxia-pon-valor-actividade-profesional-mulleres-deste-sector

12 Comunidade da Escola

12.1 Premios Ángela Ruiz Robles á excelencia académica

Premios convocados pola Xunta de Galicia para recoñecer os mellores expedientes entre os universitarios que estudan en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos: (i) ter no curso avaliado unha nota media igual ou superior a oito puntos e (ii) superar a totalidade dos créditos matriculados, que como mínimo serán 60 ECTS. A entrega de premio terá lugar o 22 de outubro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela).

12.1.1 Premios curso 2022/2023

- Rafael da Hora Lavigne (GERME): 1.600 €
- Paulina Yuding Tomé López (GERME): 1.000 €
- Estela Isabel trigo Castro (GEE): 1.000 €.

12.1.2 Premios curso 2023/2024

- Rafael da Hora Lavigne (GERME): 1.600 €
- Samuel Fernández Docherty (GERME): 1.600 €.

12.2 Profesorado

O profesorado da escola conseguiu as seguintes prazas e felicita en nome da Escola ao profesorado.

Nome	Categoría	Área de coñecemento
Moisés Cordeiro Costas	Profesorado Axudante Doutor	Enxeñaría Eléctrica
Sergio Chapela López	Profesorado Permanente Laboral	Máquinas e Motores Térmicos
Iria Feijoó Vázquez	Profesorado Permanente Laboral	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
Eduardo Giráldez Pérez	Profesorado Permanente Laboral	Explotación de Minas
Beatriz Guitián Saco	Profesorado Permanente Laboral	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
Ignacio Pérez Rey	Profesorado Axudante Doutor	Explotación de Minas
Andrés Suárez García	Profesor Titular de Universidade	Enxeñaría de Sistemas e Automática

13 Cambios no equipo directivo

A directora informa dos cambios no equipo directivo, dos que se enviou un email informativo en setembro: Iria Feijoó Vázquez substitúe María Araújo Fernández como Subdirectora de Planificación e Organización Académica da Escola.

Agradece a María Araújo o seu traballo no equipo directivo, as súa implicación, profesionalidade e xenerosidade.

13.1 Próximas actividades

- Xornada Xeotermia: 6 e7 de novembro de 2025 na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- Visita da Comisión de Avaliación da Acreditación Institucional. 13 de novembro de 2025
- Celebración de Santa Bárbara
- Olimpíada Xeoloxía Fase Provincial: 4 de febreiro de 2026
- Olimpíada Xeoloxía Fase Nacional: 22 de marzo de 2026
- Foro Tecnolóxico de Emprego: 24 e 25 de febreiro de 2026.